

### **Circular 9ª:**

#### **Reflexión en clave de Provincia sobre a cuestión territorial e social de Cataluña**

Queridos compañeiros xesuitas e amigos e amigas no Señor:

Hai máis dun ano, o día 11 de outubro de 2017, dirixín unha carta ós xesuitas da Provincia tentando facer unha valoración ponderada do que estaba a ocorrer en Cataluña. Nela animaba a todos a sermos axentes de reconciliación, nas súas distintas dimensións e vertentes, axudando a comprender a complexidade dos acontecementos e traballando na específica misión da Compañía de Xesús de reconciliar os desavidos.

San Paulo afirma que *Deus nos reconciliou consigo por medio do Mesías e nos encomendou o ministerio da reconciliación* (2 Cor 5, 19). Esta reconciliación con Deus, transcendente e parte da historia da salvación, está chamada a se encarnar no aquí e no agora de cada sociedade e de cada época; e, necesariamente, hase de reflectir na capacidade para o encontro e o diálogo de todos aqueles que nos recoñecemos seguidores do evanxeo do seu Fillo e somos chamados a colaborar con El na súa misión.

O escribirvos de novo sobre este tema obedece ó feito da proximidade da data do inicio do xuízo polo *procés* no Tribunal Supremo, e é posíbel, incluso probábel, que se exacerbem de novo os sentimentos, as conviccións e as sensibilidades. Hai algunhas cuestións, como a longa estancia en prisión preventiva dos procesados, entre outras, que non contribuíron a suavizar os ánimos e a reducir a crispación. Os problemas, as diferentes perspectivas e as feridas abertas na sociedade seguen a estar aí de xeito máis explícito ou latente, aínda que nalgúns contextos non se fale hoxe deste problema coa intensidade e a vehemencia doutros momentos. Neste senso, un certo fastío e indiferenza puideron instalarse nunha boa parte de España, mais a realidade é que este tema nos afecta a todos e non debería ser percibido como algo alleo. Por outro lado, moitos en Cataluña –onde as tensións están inevitabelmente máis presentes– poden ter a impresión de que nada se solucionou ou de que se quixo impoñer un peche en falso á demanda de independencia dunha parte da sociedade.

En calquera caso, debemos continuar traballando pola reconciliación e seguir medindo as declaracións públicas nunha sociedade que tende á polarización e absolutiza afirmacións e posicionamentos. Na nosa Provincia hai xesuitas e laicos con sensibilidades que abranguen case todo o espectro político e non deberíamos dudar de que todos tratamos de buscar con honestidade o Reino de Deus e a coherencia evanxélica. Esta mesma diversidade é unha proba de que hai que ser moi humildes á hora de xustificar con argumentos evanxélicos unha posíbel posición política ou social. Agradézovos moito, por iso, a prudencia que protagonizou a nosa presenza pública e privada nestes últimos meses, e tamén que ó falarmos deste problema o teñamos feito en contextos e formatos que non fomentaron o conflito ou a polarización senón o encontro e a reconciliación.

Nesta liña, ó longo do curso pasado temos desenvolvido na Provincia algunhas experiencias de diálogo entre xesuitas, entre laicos, entre laicos e xesuitas... de distintas percepcións e sensibilidades ante a situación de Cataluña. A metodoloxía utilizada axudounos a nos enfrentar con estas cuestións buscando puntos de encontro e acollendo a posición do outro. Nestas reunións tratou cada un *“de ser más prompto a salvar la proposición del próximo, que a condenarla; y si no la puede salvar, inquiera cómo la entiende, y, si mal la entiende,*

*corríjale con amor [...]*” (EE, 22). Estas iniciativas demostráronnos que o diálogo é posíbel cando un non pretende de entrada convencer senón escoitar e comprender, polo que é necesario e útil continuar a coidar espazos que nos permitan unha conversa fonda e construtiva que arrinque do que fundamente máis nos vencella e axunta.


Certamente, nesta complexa situación e en tódalas moitas fracturas do noso mundo temos a oportunidade de sentir e acoller a chamada a sermos instrumentos da reconciliación á que nos convida o evanxeo e sobre a que ten insistido a nosa última Congregación Xeral. Como Compañía de Xesús, a nosa presenza nun amplo número de institucións ó longo da xeografía de España permítenos ter no noso seo a mesma pluralidade que existe na sociedade. Mais tamén dispomos das ferramentas humanas, psicolóxicas e espirituais que nos axudan a non caer nos silencios respectuosos ou nunha confrontación aberta. Como Provincia, temos que continuar a tomar conciencia da enorme pluralidade histórica, cultural, lingüística e identitaria que temos. Iso non debería ser percibido como unha ameaza senón como unha gran riqueza, e cada un ha de ser respectado profundamente no que se refire á súa identidade ou identidades.

Anímovos a todos a seguides a realizar esforzos por encontrámonos e dialogar dende a diferenza e a pluralidade. Convido as nosas institucións universitarias, na medida das súas posibilidades, a estudar posíbeis vías de avance no ámbito xurídico, económico, das ciencias sociais ou da análise política. Os centros fe-cultura-xustiza do sector de Pastoral da Provincia definiron a cultura da reconciliación como o seu ámbito de traballo conxunto para o curso próximo. Hai moitos desenvolvementos pendentes para dotar de contido a reconciliación: as súas previas condicións de posibilidade, as actitudes persoais para traballar en cada un de nós, a relación que ha de existir entre a reconciliación e a cultura da non violencia e da paz... Non deixedes de compartir con todos os froitos deste traballo e reflexión.

Sígovos convidando a sermos moi coidadosos co uso da linguaxe. Ultimamente, termos como “conflito”, “desafío”, “presos políticos”, “políticos presos”, “patriotismo”, “radicalismo”, “fascismo”, “golpismo”, “populismo”... acadaron carta de cidadanía e son empregados coa intención de erguer muros e establecer fronteiras. Oxalá atopemos camiños para expresámonos dun xeito que non suscite, inmediatamente, unha lóxica de bos e maos, unha dialéctica de heroes e viláns ou de vítimas e vitimarios ... As nosas mensaxes, e moito máis nos contextos onde o traballo nos sitúa en contacto directo con persoas de distintas sensibilidades, deberán contribuír sempre a crear pontes e a xerar dinámicas de comunión.

Aínda que, como todos sabemos, a cuestión territorial e social en Cataluña non é a única realidade da nosa sociedade necesitada dos efectos sandadores da reconciliación, si vos convido a que nestes días, na nosa oración persoal e comunitaria, pidamos a Deus que nos axude a achegámonos a ela coa ollada e as actitudes de Xesús; e que El nos traia sempre á lembranza e ó corazón o recordo efectivo que nos di que a nosa misión é a de crearmos unha sociedade máis xusta, máis fraterna e máis evanxélica.

Con todo o meu afecto no Señor e a miña oración, recibide un saúdo moi afectuoso,



Antonio J. España Sánchez, S.J.  
Provincial de España